

BASES COMÚNS PARA O PROCESO DE ESTABILIZACIÓN EXTRAORDINARIA PREVISTO NA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO.

Antecedentes

O artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, establece as condicións dos procesos de estabilización de emprego temporal. Porén, as disposicións adicionais sexta e oitava establecen unha convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración para aquelas prazas ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016 e, así mesmo, aquelas persoas que ocupando prazas de natureza estrutural tiveran unha relación laboral temporal desde antes da data indicada.

Unha vez identificadas as prazas, aprobadas e autorizadas mediante a oferta de público correspondente, publicada no Diario Oficial de Galicia o 31 de maio de 2022, cómpre establecer as bases comúns para o desenvolvemento do concurso, tendo en conta que nas universidades existen tres colectivos diferenciados: persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e persoal empregado investigador.

En atención ao anterior, e tendo en conta as directrices da Resolución da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, unha vez negociados na Mesa xeral de negociación da Universidade de Santiago de Compostela, celebrada o 8 de novembro de 2022, por unanimidade, as partes,

ACORDAN

Primeiro. Proceso selectivo na estabilización extraordinaria e valoración de méritos

1. O proceso selectivo nos procesos de estabilización extraordinaria será o concurso.
2. A valoración dos méritos terá unha puntuación máxima de 100 puntos. A data de referencia dos méritos será a de finalización do prazo de solicitudes das convocatorias que desenvolvan o proceso.

Segundo. Órganos de selección

1. Constituirase un único tribunal de selección para cada colectivo dos contemplados na oferta de emprego público de estabilización extraordinaria para o ano 2022, formado por cinco membros e que cumprirá os criterios de paridade e o principio de especialidade, segundo o establecido no artigo 59 da Lei 20/2021, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.
2. No suposto de que as convocatorias inclúan a acreditación de coñecementos ou a valoración de méritos que, pola súa singularidade, requiran dunha valoración específica, os tribunais estarán asistidos por persoas asesoras que emitirán un informe sobre a adecuación dos méritos das persoas aspirantes ás prazas obxecto de convocatoria.

Terceiro. Requisitos das persoas aspirantes.

1. As persoas aspirantes. deberán acreditar o resto de requisitos establecidos no artigo 50 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

2. As distintas convocatorias determinarán o nivel de esixencia de coñecemento da lingua galega para o acceso á escala ou categoría profesional que corresponda. As persoas aspirantes deberán acreditar o seu coñecemento xunto coa solicitude, e de non facelo, a Universidade disporá os medios necesarios para que o persoal seleccionado que non poida acreditalo inicialmente estea en condicións de facelo no prazo que determine a convocatoria ou, en todo caso, antes de transcorridos dous anos desde a súa contratación ou nomeamento.

Cuarto. *Valoración dos méritos*

Os méritos cualificaranse do seguinte xeito:

1. Méritos profesionais: Ata un máximo de 70 puntos. Valoraranse unicamente os últimos 10 anos de experiencia profesional, contados ata a fin do prazo de solicitude previsto na convocatoria de acordo co seguinte baremo:

a) Servizos prestados na propia escala, categoría ou praza obxecto de convocatoria na Universidade de Santiago de Compostela. No suposto do persoal empregado investigador, valoraranse os servizos prestados na praza obxecto de convocatoria con independencia da modalidade contractual e da categoría laboral con que a ocupase. A puntuación será de 0,60 puntos por mes traballado con vinculación temporal.

b) Experiencia profesional acreditada en calquera outra administración pública diferente da Universidade de Santiago de Compostela na propia escala ou categoría profesional ou en escala ou categoría profesional equivalente nos termos establecidos na convocatoria, a razón de 0,20 puntos por mes traballado con vinculación temporal.

2. Outros méritos: Ata un máximo de 30 puntos. Nas convocatorias de cada colectivo poderase elixir un ou máis dos méritos relacionados a continuación.

a) Formación relacionada co posto de traballo: valorarase a formación específica relacionada coas funcións da escala, categoría ou praza obxecto de convocatoria, así como a formación xenérica e transversal relacionada con funcións xerais.

b) Titulación académica: pola posesión de titulacións académicas de nivel superior á requirida para o acceso ao corpo, escala ou categoría profesional correspondente, valorando só a de maior nivel do MECES que posúa o aspirante.

c) Memoria: as persoas candidatas realizarán unha descrición da súa traxectoria profesional con indicación das funcións e tarefas que consideren máis relevantes en relación coa idoneidade no desempeño da praza obxecto de convocatoria. A memoria terá unha extensión máxima de 5.000 palabras con tamaño de letra 11, fonte Arial e entreliñado 1,5.

d) outros méritos relacionados coa praza obxecto de convocatoria como participación en proxectos, conferencias, publicacións científicas entre outros.

Quinto. *Criterios de desempate*

1º.- Pola maior antigüidade de servizos prestados na escala, categoría profesional ou praza obxecto de convocatoria.

2º.- Pola maior idade da persoa aspirante.

Sexto. *Aspectos xerais das convocatorias*

Adoptaranse as medidas necesarias para acadar a maior axilidade e simplificación do procedemento de concurso, en todo caso garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrència, igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

Sétimo. *Comisión de seguimento*

Constitúese unha comisión de seguimento para a interpretación e análise do contido do presente acordo que estará composta por dúas persoas de cada organización asinante e por un número igual, como máximo, de representantes da Universidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2022

Pola Universidade de Santiago de Compostela

Antonio Javier Ferreira Fernández
Xerente

Polas organizacións sindicais

Xurxo Proupín Castiñeiras (CCOO)

Benjamín Jesús Rey Sanjurjo (FeSP-UGT)

Xosé Carlos Macía Arce (CIG)

Pilar Expósito Díaz (CSIF)